Concello de
Vilagarcía de Arousa
Secretaría Xeral

CIF: P/3606000B
Praza Ravella, 1
36600 Vilagarcía de Arousa
T 986 099 200 - F 986 501 109
secretaria@vilagarcia.gal
sede.vilagarcia.gal

CONSELLO DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
DATA 16/04/2026

Sras./Sres. Asistentes:

PRESIDENTE
PAOLA MARIA MOCHALES

VOGAIS
ROSA ABUÍN RODRÍGUEZ
ROBERTO DOMÍNGUEZ BUSTELO
CARLOS COIRA LOJO

TÉCNICO
EMILIO PUMAR DURÁN

XERENTE
SONIA GARCÍA CORZO

SECRETARIO/A
MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:10 do día 16/04/2026 reúnense en primeira convocatoria os/as membros do Consello da Xerencia de Urbanismo que á marxe se relacionan como asistentes, co obxecto de levar a cabo a sesión.
Desculpada a ausencia dos concelleiros indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 18-marzo-2026, que se aprobou por unanimidade.

VISTOS OS INFORMES OBRANTES NOS EXPEDIENTES ACÓRDASE INFORMAR AS SEGUINTES SOLICITUDES:

LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN

PRP2026/1164

Informar favorablemente a solicitude presentada por Dna. María Leiro Soto para 1ª ocupación de local destinado a catro vivendas situado na Avd. Rosalía de Castro 164, baixo (Ref. Cat. 8881695NH1188S0074WU) de conformidade coa documentación presentada e Certificado final de obra do arquitecto técnico Dna. Isabel Rivera Rivadas, con visado colexial do 10.04.2025 e Certificado de illamento acústico emitido por VIROCEM S.L. asinado electronicamente o 23.07.2024.
Así mesmo, informar favorablemente as acometidas de auga e saneamento definitivas, dado que realizada visita de comprobación ao inmoble, verifícase que están executadas correctamente. (Expte. URB/2022/000738)

PRP2026/1205

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. Juan Antonio Núñez Rodríguez para 1ª ocupación de edificio de planta baixa, primeira, segunda e baixo cuberta para 3 vivendas situado na rúa Extramuros 1, Carril (Ref. Cat. 8683704NH1188S0001WQ) de conformidade coa documentación presentada e Certificado final de obra do arquitecto D. Gonzalo Freijeiro Fernández,

con visado colexial do 20.10.2020 e Certificado de illamento acústico emitido por VIROCEM S.L. asinado electronicamente o 01/06/2021.
Así mesmo, informar favorablemente as acometidas de auga e saneamento definitivas, dado que realizada visita de comprobación ao inmoble, verifícase que están executadas correctamente. (Expte. URB/2021/000641)

COMUNICACIÓNS PREVIAS OBRAS MENORES

PRP2026/1145

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por D. Javier Figueroa Iglesias, para obras de instalación fotovoltaica de autoconsumo nun inmoble situado na rúa Sartaches, núm. 7 - Vilaxoán (Ref. Cat. 6947623NH1164N0005KD), tendo en conta as seguintes condicións:

- Deberá adaptarse ás pendentes ou envolvente máxima da cuberta, sen supoñer un engadido á mesma.

A maquinaria, medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumprirán as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construcción R.D. 1627/1997.
Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.
A ocupación de vía pública, se a houbese, axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico en función das características do tráfico da rúa.
Comunícaselle que as obras remataranse no prazo máximo dun (1) ano (Expte. URB/2025/000437).

PRP2026/1147

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por Dna. Laura Fariña Ríos, para obras de instalación fotovoltaica de autoconsumo nun inmoble situado na rúa Bouza Xusta, núm. 49 - Trabanca Badiña (Ref. Cat. 36060A020006880000GT), tendo en conta as seguintes condicións:

- Deberá adaptarse ás pendentes ou envolvente máxima da cuberta, sen supoñer un engadido á mesma.

A maquinaria, medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumprirán as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construcción R.D. 1627/1997.
Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.
A ocupación de vía pública, se a houbese, axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico en función das características do tráfico da rúa.
Comunícaselle que as obras remataranse no prazo máximo dun (1) ano (Expte. URB/2026/000055).

PRP2026/1148

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por D. José Germán Varela Giménez en representación da entidade BEBEGAL S.L, para obras de adecuación de fachada de local comercial situado na rúa Vista Alegre, núm. 18 - Bx. (Ref. Cat. 9057022NH1195N0033SG), debendo dar cumprimento ás condicións impostas pola Resolución de Patrimonio:

- As carpintarías exteriores terán un acabado mate
- Os vidros non terán acabados de cor ou reflectantes
- As unidades de climatización se localizarán no interior do local con reixiñas ao exteriorr da mesma cor e acabado que o resto dos elementos que compoñen a fachada.

A maquinaria, medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumprirán as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción R.D. 1627/1997. A responsabilidade do cumprimento das normas de montaxe e medidas de protección a adoptar para salvagardar os usuarios e instalacións da vía pública compete unicamente ao contratista, nas obras menores, ou aos axentes intervintes na obra, nas obras maiores.
Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.
A ocupación de vía pública, se a houbese, axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico en función das características do tráfico da rúa, debendo repoñer, en calquera caso, as posibles roturas sobre a vía pública.
Comunícaselle que as obras remataranse no prazo máximo dun (1) ano. (Expte. URB/2026/000077).

PRP2026/1149

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por D. César Luis de María de Antonio, para obras de arranxo de tellado en vivenda unifamiliar situada na rúa da Víctor Pita, núm. 43 - Sobradelo (Ref. Cat: 7758004NH1175N0001AU), sen modificación de volume nin estrutura.
A maquinaria, medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumprirán as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción R.D. 1627/1997. A responsabilidade do cumprimento das normas de montaxe e medidas de protección a adoptar para salvagardar os usuarios e instalacións da vía pública compete unicamente ao contratista, nas obras menores, ou aos axentes intervintes na obra, nas obras maiores.
As estadas cumprirán as Normas UNE-EN 12810-1:2005, 12810-2:2005 e 12811-1:2005, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 669 e 670. As torres de traballo móbiles cumprirán a Norma UNE-EN 1004:2006, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 695 e 696. En calquera dos casos terase en conta o indicado no RD 1215/1997 sobre as disposicións mínimas de seguridade e saúde para a utilización polos traballadores dos equipos de traballo (modificado polo RD 2177/2004), debendo contar cun Plan de Montaxe, utilización e desmontaxe elaborado por técnico competente, en función da complexidade da instalación temporal (estadas ou torres móbiles), segundo o Real Decreto.
Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.
A ocupación de vía pública, se a houbese, axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico en función das características do tráfico da rúa, debendo repoñer, en calquera caso, as posibles roturas sobre a vía pública.
Comunícaselle que as obras remataranse no prazo máximo dun (1) ano. (Expte. URB/2026/000117).

PRP2026/1150

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por D. José Ramón González Costa, para obras de arranxo de tellado en vivenda unifamiliar situada na Avda. de Vilanova, núm. 50 - Vilaxoán (Ref. Cat: 7348806NH1174N0001SD), sen modificación de volume nin estrutura.

Dáse conta da declaración responsable ante Estradas, con rexistro 2026/432558 (15.02.2026.).
A maquinaria, medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumprirán as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción R.D. 1627/1997. A responsabilidade do cumprimento das normas de montaxe e medidas de protección a adoptar para salvagardar os usuarios e instalacións da vía pública compete unicamente ao contratista, nas obras menores, ou aos axentes intervintes na obra, nas obras maiores.
As estadas cumprirán as Normas UNE-EN 12810-1:2005, 12810-2:2005 e 12811-1:2005, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 669 e 670. As torres de traballo móbiles cumprirán a Norma UNE-EN 1004:2006, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 695 e 696. En calquera dos casos terase en conta o indicado no RD 1215/1997 sobre as disposicións mínimas de seguridade e saúde para a utilización polos traballadores dos equipos de traballo (modificado polo RD 2177/2004), debendo contar cun Plan de Montaxe, utilización e desmontaxe elaborado por técnico competente, en función da complexidade da instalación temporal (estadas ou torres móbiles), segundo o Real Decreto.
Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.
A ocupación de vía pública, se a houbese, axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico en función das características do tráfico da rúa, debendo repoñer, en calquera caso, as posibles roturas sobre a vía pública.
Comunícaselle que as obras remataranse no prazo máximo dun (1) ano. (Expte. URB/2026/000157).

PRP2026/1151

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por Dna. María Josefa Lago Barreiro, para obras de conservación e mantemento de fachada e cuberta de vivenda unifamiliar situada na rúa A Pedra, núm. 1 Cornazo (Ref. Cat. 0048510NH2104N0001AB), sen modificación de volume nin estrutura.
A maquinaria, medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumprirán as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción R.D. 1627/1997. A responsabilidade do cumprimento das normas de montaxe e medidas de protección a adoptar para salvagardar os usuarios e instalacións da vía pública compete unicamente ao contratista, nas obras menores, ou aos axentes intervintes na obra, nas obras maiores.
As estadas cumprirán as Normas UNE-EN 12810-1:2005, 12810-2:2005 e 12811-1:2005, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 669 e 670. As torres de traballo móbiles cumprirán a Norma UNE-EN 1004:2006, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 695 e 696. En calquera dos casos terase en conta o indicado no RD 1215/1997 sobre as disposicións mínimas de seguridade e saúde para a utilización polos traballadores dos equipos de traballo (modificado polo RD 2177/2004), debendo contar cun Plan de Montaxe, utilización e desmontaxe elaborado por técnico competente, en función da complexidade da instalación temporal (estadas ou torres móbiles), segundo o Real Decreto.
Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.
A ocupación de vía pública, se a houbese, axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico en función das características do tráfico da rúa, debendo repoñer, en calquera caso, as posibles roturas sobre a vía pública.
Comunícaselle que as obras remataranse no prazo máximo dun (1) ano. (Expte. URB/2026/000258).

PRP2026/1153

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por Dna. Ana María Padín Maneiro, para obras de peche do linde norte dunha parcela situada no camiño Real de Trabanca, pol. 18, parcela 4 - Carril (Ref. Cat. 36060A018000040000GI), respectando as servidumes que existan.

A maquinaria, medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumprirán as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construcción R.D. 1627/1997.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública (se a houbese) axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico, en función das características do tráfico da rúa.

Comunícaselle que as obras remataranse no prazo máximo dun (1) ano. (Expte. URB/2026/000276).

PRP2026/1154

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por D. Cesáreo Baldomero Fariña en representación da entidade APLUS CONSTRUCTORES GALLEGOS SLU, para obras varias en piso situado na rúa Cevantes do Carril, núm. 32, 3ºA (Ref. Cat. 8584620NH1188S0028UX), tendo en conta as seguintes consideracións:

Respectaranse os elementos comúns do inmoble segundo a Lei de Propiedade Horizontal e tomaranse as medidas precisas para evitar que os ruídos emitidos con motivo das obras excedan dos niveis acústicos que fixa a Normativa actual sobre ruídos.

As instalacións a substituir ou modificar de fontanería e electricidade deberán ser realizadas por instaladores autorizados.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

Comunícaselle que as obras remataranse no prazo máximo dun (1) ano. (Expte. URB/2026/000229).

PRP2026/1155

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por D. José Luis Paulos Campos en representación de D. José Luis Villar Sánchez, para obras de arranxo de tellado en vivenda unifamiliar situada Avda. Nosa Sra. Dos Anxos, núm. 18 - Carril (Ref. Cat: 9079402NH1197N0001TE), sen modificación de volume nin estrutura.

A maquinaria, medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumprirán as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción R.D. 1627/1997. A responsabilidade do cumprimento das normas de montaxe e medidas de protección a adoptar para salvagardar os usuarios e instalacións da vía pública compete unicamente ao contratista, nas obras menores, ou aos axentes intervintes na obra, nas obras maiores.

As estadas cumprirán as Normas UNE-EN 12810-1:2005, 12810-2:2005 e 12811-1:2005, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 669 e 670. As torres de traballo móbiles cumprirán a Norma UNE-EN 1004:2006, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 695 e 696. En calquera dos casos terase en conta o indicado no RD 1215/1997 sobre as disposicións mínimas de seguridade e saúde para a utilización polos traballadores dos equipos de traballo (modificado polo RD 2177/2004), debendo contar cun Plan de Montaxe, utilización e desmontaxe elaborado por técnico competente, en función da complexidade da instalación temporal (estadas ou torres móbiles), segundo o Real Decreto.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade

Autónoma de Galicia.
A ocupación de vía pública, se a houbese, axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico en función das características do tráfico da rúa, debendo repoñer, en calquera caso, as posibles roturas sobre a vía pública.
Comunícaselle que as obras remataranse no prazo máximo dun (1) ano. (Expte. URB/2026/000280).

PRP2026/1158

Informar favorablemente a comunicación previa presentada por Gesenco Gestión en Comunidades en representación da C.P. LÓPEZ BALLESTEROS 30, para obras de mantemento de fachadas e patio de edificio situado na rúa Pablo Iglesias, núm. 15 (Ref. Cat: 9665002NH1196N), tal e como indica na documentación achegada.
A maquinaria, medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumprirán as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción R.D. 1627/1997. A responsabilidade do cumprimento das normas de montaxe e medidas de protección a adoptar para salvagardar os usuarios e instalacións da vía pública compete unicamente ao contratista, nas obras menores, ou aos axentes intervintes na obra, nas obras maiores.
As estadas cumprirán as Normas UNE-EN 12810-1:2005, 12810-2:2005 e 12811-1:2005, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 669 e 670. As torres de traballo móbiles cumprirán a Norma UNE-EN 1004:2006, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 695 e 696. En calquera dos casos terase en conta o indicado no RD 1215/1997 sobre as disposicións mínimas de seguridade e saúde para a utilización polos traballadores dos equipos de traballo (modificado polo RD 2177/2004), debendo contar cun Plan de Montaxe, utilización e desmontaxe elaborado por técnico competente, en función da complexidade da instalación temporal (estadas ou torres móbiles), segundo o Real Decreto.
Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.
A ocupación de vía pública, se a houbese, axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico en función das características do tráfico da rúa, debendo repoñer, en calquera caso, as posibles roturas sobre a vía pública.
Comunícaselle que as obras remataranse no prazo máximo dun (1) ano. (Expte. URB/2026/000283).

PRP2026/1160

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por Dna. Teresa María Crespo Paz, para obras de arranxo de tellado en vivenda unifamiliar, situada na rúa Canto, núm. 16 - Sobrán (Ref. Cat: 7542612NH1174S0001IZ), sen modificación de volume nin estrutura.
A maquinaria, medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumprirán as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción R.D. 1627/1997. A responsabilidade do cumprimento das normas de montaxe e medidas de protección a adoptar para salvagardar os usuarios e instalacións da vía pública compete unicamente ao contratista, nas obras menores, ou aos axentes intervintes na obra, nas obras maiores.
As estadas cumprirán as Normas UNE-EN 12810-1:2005, 12810-2:2005 e 12811-1:2005, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 669 e 670. As torres de traballo móbiles cumprirán a Norma UNE-EN 1004:2006, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 695 e 696. En calquera dos casos terase en conta o indicado no RD 1215/1997 sobre as disposicións mínimas de seguridade e saúde para a utilización polos traballadores dos equipos de traballo

(modificado polo RD 2177/2004), debendo contar cun Plan de Montaxe, utilización e desmontaxe elaborado por técnico competente, en función da complexidade da instalación temporal (estadas ou torres móbiles), segundo o Real Decreto.
Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.
A ocupación de vía pública, se a houbese, axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico en función das características do tráfico da rúa, debendo repoñer, en calquera caso, as posibles roturas sobre a vía pública.
Comunícaselle que as obras remataranse no prazo máximo dun (1) ano. (Expte. URB/2026/000287).

PRP2026/1161

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por D. José Antonio Vicente Gándara, para obras de arranxo de tellado e encintado de muro en vivenda unifamiliar situada no Camiño de Lodeiro, núm. 57 - Gorís (Ref. Cat: 6721104NH1162S0001MY), sen modificación de volume nin estrutura.
A maquinaria, medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumprirán as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción R.D. 1627/1997. A responsabilidade do cumprimento das normas de montaxe e medidas de protección a adoptar para salvagardar os usuarios e instalacións da vía pública compete unicamente ao contratista, nas obras menores, ou aos axentes intervintes na obra, nas obras maiores.
As estadas cumprirán as Normas UNE-EN 12810-1:2005, 12810-2:2005 e 12811-1:2005, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 669 e 670. As torres de traballo móbiles cumprirán a Norma UNE-EN 1004:2006, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 695 e 696. En calquera dos casos terase en conta o indicado no RD 1215/1997 sobre as disposicións mínimas de seguridade e saúde para a utilización polos traballadores dos equipos de traballo (modificado polo RD 2177/2004), debendo contar cun Plan de Montaxe, utilización e desmontaxe elaborado por técnico competente, en función da complexidade da instalación temporal (estadas ou torres móbiles), segundo o Real Decreto.
Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.
A ocupación de vía pública, se a houbese, axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico en función das características do tráfico da rúa, debendo repoñer, en calquera caso, as posibles roturas sobre a vía pública.
Comunícaselle que as obras remataranse no prazo máximo dun (1) ano. (Expte. URB/2026/000294).

PRP2026/1162

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por D. Antonio Torrado Caeiro, para obras de cambio de carpintería exterior nun inmoble situado na rúa Vilar, núm. 11 - Bamio (Ref. Cat. 9495715NH1199N0001PF), tendo en conta as seguintes consideracións:
Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.
A ocupación de vía pública (se a houbese) axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico, en función das características do tráfico da rúa.
Comunícaselle que as obras remataranse no prazo máximo dun (1) ano. (Expte. URB/2026/000300).

PRP2026/1163

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por Dna. María del Carmen Cambas Outeda, para obras de reforma de baño nun inmoble situado na rúa Ibérica, núm. 1, Bx. B - Carril (Ref. Cat. 8881685NH1188S0006UY), tendo en conta as seguintes consideracións:
Respectaranse os elementos comúns do inmoble segundo a Lei de Propiedade Horizontal e tomaranse as medidas precisas para evitar que os ruídos emitidos con motivo das obras excedan dos niveis acústicos que fixa a Normativa actual sobre ruídos.
As instalacións a substituir ou modificar de fontanería e electricidade deberán ser realizadas por instaladores autorizados.
Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.
Comunícaselle que as obras remataranse no prazo máximo dun (1) ano. (Expte. URB/2026/000303).

PRP2026/1175

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por D. Habacuc Arroyo Zarza, para obras de cambio de carpintería exterior dun inmoble situado na rúa Celso Emilio Ferreiro, núm. 8, 4º A (Ref. Cat. 9658802NH1195N0038KB), tendo en conta as seguintes consideracións:
Ó tratarse dun elemento común (fachada) que afecta á estética do conxunto da fachada deberá respectar a composición e cores da carpintería existente, así como contará coa autorización da comunidade de propietarios.
Respectaranse os elementos comúns do inmoble segundo a Lei de Propiedade Horizontal e tomaranse as medidas precisas para evitar que os ruidos emitidos con motivo das obras excedas dos niveis acústicos que fixa a Normativa actual sobre ruídos.
Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.
A ocupación de vía pública, se a houbese, axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico en función das características do tráfico da rúa.
Comunicaselle que as obras remataranse no prazo máximo dun ano. (Expte. URB/2026/000315).

PRP2026/1189

Dáse conta do recurso de reposición presentado por Dna. Nerea Bahamonde Romano en representación de D. Fernando Bouzas Cores contra a Resolución de Alcaldía do Concello de Vilagarcía de Arousa de data 27.02.2026, pola que se declara a ineficacia da comunicación previa presentada para instalación de varanda en tellado de alboio situado na rúa da Xesta 73, Sobran (Ref. Cat.:6838035NH1163N0001EG) e que foi notificada ao interesado en data 02.03.2026.
Con data 09.04.2026 emítese informe técnico ao respecto do recurso presentado, que dí literalmente:
"INFORME: Revisado o recurso presentado, **e en aras de aclarar que non se informa negativamente sin ningún tipo de criterio,** realizo un novo informe no que se reitera e amplía o xa indicado en informes anteriores:

- Consta legalización da edificación baseandose na asimilación á cualificación urbanística da ordenanza nº11 (NP) do PXOM, por tipoloxía edificatoria similar (vivenda unifamiliar), aínda

cando no Plan Parcial do Rial non se contemplan este tipo de edificacións.

- Nunha **interpretación conxunta** da normativa aplicable en materia de urbanismo (PXOM, Plan Parcial O Rial, Plan Básico autonómico…) enténdese que unha edificación complementaria deberá desenvolverse en **planta única**, polo que o acceso á cuberta deberá ser exclusivamente como mantemento (debendo eliminar ou coartar o acceso libre sobre esa superficie)**. A instalación de varandas fixas implica a ampliación do uso ocasional desta superficie, pasando a ter dúas plantas "de facto".**
- Posto que se utilizou o PXOM para a legalización da edificación, tamén se remite ao mesmo, no apartado no que se definen as cubertas, así como os elementos que poden ou non sobresaír da mesma. Sí se fala de varandas caladas, como protección de terrazas nos baixocubertas dos edificios, pero **non se poden aplicar neste caso** polo indicado no parágrafo anterior (unha edificación complementaria deberá desenvolverse en planta única)
- Para a seguridade no mantemento dunha cuberta **non é imprescindible a instalación de elementos fixos de seguridade**. Existen outro tipo de elementos provisionais igualmente eficaces (liñas de vida, varandas provisionais…), que son os que se utilizan e se reflicten na normativa sobre eliminación de Riscos Laborais, aplicables a profesionais do sector. (…)

En resumo, á vista do escrito presentado, así coma do verquido no presente informe, **reitérome na inadmisibilidade** de instalación de varanda fixa sobre cuberta de edificación complementaria."

O Consello da Xerencia de Urbanismo, á vista do informe técnico anteriormente transcrito, informa favorablemente a desestimación do recurso de reposición interposto por Dna. Nerea Bahamonde Romano en representación de D. Fernando Bouzas Cores fronte á devandita Resolución de Alcaldía do Concello de Vilagarcía de Arousa do 27.02.2026 (Expte. URB/2025/000826)

PRP2026/1192

Informar desfavorablemente a solicitude presentada por Administración Arousa, SL en representación C.P. PLAZA JUAN XXII 6, para obtención dunha prórroga de oito (8) meses para remate das obras de mantemento de tellado en inmoble situado na Pza. Xoán XXIII, núm. 6 (Ref. Cat. 9664812NH1196S), de conformidade co informe xurídico desfavorable á concesión da prórroga da comunicación previa aceptada mediante resolución de Alcaldía de data 14.11.2024,...*dado que non é posible ampliar o prazo por máis da metade do legalmente establecido (seis meses), nin ampliar prazos caducados*... (Expt. URB/2024/000915).

PRP2026/1204

Informar favorablemente a ineficacia da comunicación previa presentada por D. Luciano Lajos Romero en representación da entidade BETA AROUSA, SLU., para obras de acondicionamento de local situado na Avda. Xoán Carlos I, núm. 20 - Bx. 1 (Ref. Cat.: 9463003NH1196S0001HJ), de conformidade co indicado no informe técnico de data 13.04.2026:

- *As obras xa están iniciadas e non se axustan ao cumunicado*
- *A comunicación non conta con toda a documentación necesaria para a súa tramitación*

Dado que consta expediente disciplinario (DISC/2026/058) por inicio de obras de acondicionamento de local sen título habilitante municipal, darase traslado ao Departamento de Disciplina Urbanística aos efectos oportunos. (Expte. URB/2025/000590)

LICENZAS DE OBRAS MENORES

PRP2026/1166

Informar favorablemente a solicitude de licenza presentada por Excellence Fields Factory SLU. en representación de TELEFONICA DE ESPAÑA SAU, para obras de substitución de tres postes de madeira para ampliación da rede de telecomunicacións na rúa Santa María de Guillán, núm. 69 (S.Ref.: 1952179), baixo as seguintes condicións:

1. Realizarase un replanteo dos traballos, con localización dos servizos municipais afectados previamente ao inicio dos traballos. Este replanteo farase cos Servizos Técnicos Municipais.
2. Repoñeranse ao seu estado inicial os servizos municipais afectados pola obra. O responsable de tódolos danos producidos e custos que se poderán derivar de dita reposición será por conta do beneficiario desta autorización, sen cargo para o Concello.
3. As obras executaránse cumprindo todalas condicións de garantía e seguridade impostas polas disposicións vixentes.
4. A colocación dos postes previstos deberán respetar a alineación establecida no PXOM.
5. No caso que por circunstancias especiais houbese que colocar o poste a distancias menores das indicadas, entenderase que se colocan provisionalmente e en precario, debendo Telefónica, retirar os poste se o solicitase o Excmo. Concello, ás distancias esixidas, cando sexa necesario por motivos de ensanche de camiño, ou calquera outra causa de ben público. O cambio de emprazamento dos postes non supoñerá ningún dereito de reclamación de indemnización ao Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa.
6. A fianza de 500,00 € depositada para garantir que a zona de vía pública afectada polas obras queda en perfectas condicións de uso, devolverase unha vez comprobado este extremo. (Expte. URB/2022/000129)

PRP2026/1168

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. Víctor Manuel Hermo Sánchez en representación da entidade PROMOCIONES BAMICAR SL, para acometida á rede municipal de auga para execución de obra na rúa Do Salgueiral, Vilar - Bamio (Ref. Cat. 91914NH1199S0001XX), baixo as seguintes condicións:

- Necesidade de ampliación da rede.
- O punto de toma fixarao o persoal do servizo, co que o solicitante convirá o momento da súa execución, que realizará dito persoal e baixo a súa inspección e vixilancia.
- A arqueta de acometida será de ladrillo oco dobre de 1/2 pé de espesor, revestido interiormente, de dimensións interiores 50 x 50 x 40 cms., con tapa rexistro de fundición de 40 x 40 cms., e no seu interior colocarase a chave xeral de corte. Esta arqueta colocarase na beirarrúa fronte á finca que solicite a toma.
- Para a instalación do contador de auga disporase de lugar con tapa rexistrable fóra da obra, de doado acceso para a lectura e comprobación do servizo.
- O uso da auga será exclusivamente para as necesidades da construcción da obra, sen que poida destinar, baixo ningún concepto, a outros usos. (Expte. URB/2026/000242).

PRP2026/1169

Informar favorablemente a solicitude de licenza presentada por D. Rubén Menéndez Fernández en representación de NEDGIA GALICIA SA, para obras de acometida na rede de canalización de gas

na rúa Juan García, núm. 5 (S. Ref.: ACT250600158234), baixo as seguintes condicións:

- Antes do inicio dos traballos, realizarase previamente un replanteo dos mesmos cos servizos técnicos municipais, coa localización dos servizos municipais afectados polas obras. (Sr Diego Teléf. 670 507 938).
- As obras executaranse baixo a inspección e vixilancia do persoal técnico do Concello de Vilagarcía de Arousa. Co obxeto de poder comprobar o estado das redes de servizos municipais soterrados afectados polas obras e - unha vez executada a canalización e antes de tapar a gabia - , solicitarase a inspección dos servizos técnicos municipais para que poidan proceder a súa inspección.
- Previo o inicio das obras, o interesado deberá solicitar as distintas compañías, unha relación de servizos afectados na zona do ámbito de actuación.

Reposicións:
Reposición da beirarrúa: en tramo completo, coa mesma tipoloxía cá existente.

- O solicitante adoptará o seu cargo e durante a execución das obras, as medidas de protección individuais e colectivas necesarias para garantir o cumprimento das normas de seguridade e saúde na fase de execución, acordo co R.D. 1627/1997.
- No caso que, polo Concello de Vilagarcía de Arousa, fose preciso realizar calquera tipo de obra no dominio público municipal e resultase afectada a obra e/ou instalación á que se refire a presente autorización, será por conta do solicitante o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resultase necesaria, nos prazos e condicións que estableza o Organismo titular do dominio público, sen que isto supoña ningún custo para o Concello.
- Establécese unha fianza de 1000,00 €, que se vinculará con cargo o aval de 60.000 € suscito por Gas Galicia, SDG, S.A. segundo convenio fiscal, como garantía de reposición de servizos afectados polas obras de acometida de gas. (Expte. URB/2026/000284)

PRP2026/1170

Informar favorablemente a solicitude presentada por Dna. Ana María Padín Maneiro, para acometida á rede municipal de auga para execución de obra no camiño Real de Trabanca, pol. 14, parcela 4 (Ref. Cat. 36060A018000040000GI), baixo as seguintes condicións:

- O punto de toma fixarao o persoal do servizo, co que o solicitante convirá o momento da súa execución, que realizará dito persoal e baixo a súa inspección e vixilancia.
- A conexión da devandita acometida á rede municipal de abastecemento deberá ser executada pola empresa concesionaria do servizo municipal de augas.
- O uso da auga será exclusivamente para as necesidades da construcción da obra, sen que poida destinar, baixo ningún concepto, a outros usos. (Expte. URB/2026/000288).

PRP2026/1171

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. Rubén Menéndez Fernández en representación de NEDGIA GALICIA SA, para obras de acometida na rede de canalización de gas na rúa Juan García, núm. 11 (S. Ref: ACT250600129560), baixo as seguintes condicións:

- Antes do inicio dos traballos, realizarase previamente un replanteo dos mesmos cos servizos técnicos municipais, coa localización dos servizos municipais afectados polas obras. (Sr Diego Teléf. 670 507 938).
- As obras executaranse baixo a inspección e vixilancia do persoal técnico do Concello de

Vilagarcía de Arousa. Co obxeto de poder comprobar o estado das redes de servizos municipais soterrados afectados polas obras e - unha vez executada a canalización e antes de tapar a gabia - , solicitarase a inspección dos servizos técnicos municipais para que poidan proceder a súa inspección.
- Previo o inicio das obras, o interesado deberá solicitar as distintas compañías, unha relación de servizos afectados na zona do ámbito de actuación.

Reposicións:
Reposición da beirarrúa: en tramo completo, coa mesma tipoloxía cá existente.

- O solicitante adoptará o seu cargo e durante a execución das obras, as medidas de protección individuais e colectivas necesarias para garantir o cumprimento das normas de seguridade e saúde na fase de execución, acordo co R.D. 1627/1997.
- No caso que, polo Concello de Vilagarcía de Arousa, fose preciso realizar calquera tipo de obra no dominio público municipal e resultase afectada a obra e/ou instalación á que se refire a presente autorización, será por conta do solicitante o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resultase necesaria, nos prazos e condicións que estableza o Organismo titular do dominio público, sen que isto supoña ningún custo para o Concello.
- Establécese unha fianza de 1000,00 €, que se vinculará con cargo o aval de 60.000 € suscito por Gas Galicia, SDG, S.A. segundo convenio fiscal, como garantía de reposición de servizos afectados polas obras de acometida de gas. (Expte. URB/2026/000310)

PRP2026/1173

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. Santiago Fariña Muñiz, para acometida á rede municipal de auga para uso doméstico no camiño Monte da Lomba, núm. 15 - 17 (Ref. Cat. 36060A031002610000GS), de conformidade cos informes técnico e xurídico emitidos aos efectos; baixo as seguintes condicións:

- **Necesidade de ampliación da rede**

- Dada a distancia que media dende a rede de abastecemento de auga e o punto de toma solicitado, non se pode conceder autorización de acometida, agás que o interesado constrúa a extensión da rede necesaria. Dito ramal require a instalación de 150 ml en PVC Ø63.
- O punto de toma fixarao o persoal do servizo, co que o solicitante convirá o momento da súa execución, que realizará dito persoal e baixo a súa inspección e vixilancia.
- A arqueta de acometida será de ladrillo oco dobre de 1/2 pé de espesor, revestido interiormente, de dimensións interiores 40 x 40 cms., con tapa rexistro de fundición de 50 x 50 cms., e no seu interior colocarase a chave xeral de corte. Esta arqueta colocarase na beirarrúa fronte á finca que solicite a toma.
